



AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL CURSO 2019-20 INSTRUCCIÓN

Para o alumnado de **Educación Primaria** con unha renda per cápita familiar* (por cada membro da unidade familiar a 31 de decembro de 2017) igual ou inferior a 9.000 euros.

MATERIAL:

Todo o alumnado de Primaria (de 1º a 6º) con renda per cápita a 31 de decembro de 2017 menor a 5.400€ pode solicitar **axuda de material de 50€**.

LIBROS:

- 1º e 2º Cursos:** Terán axudas con vale (para mercar directamente nas librerías). Con renda menor de 5400€ axuda de 170€, e con renda entre 5400 e 9000€ axuda de 90€.
- 3º e 4º Curso:** poden solicitar libros do fondo do colexio.
- 5º e 6º Curso:** poden solicitar libros do fondo do colexio.
- As solicitudes das axudas irán nun **único impreso**, tanto de material e libros como a de varios irmáns.
- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2019/2020 (xuño ou setembro, segundo o caso), **ao fondo solidario** que se constituirá no centro (banco de libros). Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, por ser material funxible.

Prazo de presentación.

Remata o 21 de xuño 2018.

Documentación necesaria:

- Anexo I cuberto e asinado por todos os membros.
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza xudicial en caso de separación.
- Certificado no caso de que se alegue minusvalía a partir dun 33% dalgún dos membros da unidade familiar.

Máis información e instancias:

- DOG: [Orde do 03 de maio de 2019 \(DOG do 20 de maio\)](#)
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>
- [Na páxina web do centro.](#)
- No Colexio.

*Para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 380 (base impositiva xeral) e 395 (base impositiva do aforro) da declaración da renda do 2017 e dividirase polo número de membros. Este cálculo faíno automaticamente o programa informático, polo que non é necesario que traian ningún papel da renda.